




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Fisterra. Parroquias: maioritariamente San Xoán de Sardiñeiro e unha pequena área ao oeste en San Martiño de Duio. Extensión: 4,42km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha unidade costeira situada na Enseada do Sardieiro na que a configuración semicircular do relevo, favorece a deposición intermareal orixinando a Praia do Sardieiro. Con base nesta, ábrese unha depresión triangular que segue a liña de falla cara ao noroeste, circundada a ambos os dous lados por sendas elevacións montañosas de litoloxía granítica, aínda que as pendentes e as altitudes alcanzadas, son lixeiramente superiores no oeste; especialmente en torno ao val do arroio do Sardieiro que, logo de seguir a mencionada liña de fractura, encáixase cara ao oeste no relevo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade pertence ao Dominio hercínico, aparecendo un granitoide migmático. Nunha esquina ao noroeste, aparece un pequeno sector de xistos e paragneis que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe e cuxa idade é precámbrico-silúrica. O Cuaternario está representado polos depósitos holocenos da praia e as dunas, tras este complexo, polo fondo do amplo val de Sardieiro, aparecen outros depósitos máis relacionados con detritos erosivos e checos aluviais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido na maior parte da unidade. Recóllese entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas son suaves con valores medios por riba de 14°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. A variante Moi Húmida do ambiente climático localízase no alto dos montes Seoane e San Xoán xa que rexistran precipitacións da orde de 1400mm a 1600mm ao ano.

OS SOLOS

A franxa costeira está formada por arenosos álbicos e hápicos na área sedimentaria da praia de Sardieiro. No fondo do val fluvial desenvólvense os solos máis profundos e fértiles do tipo cambisol dístrico mentres que ladeira arriba os solos teñen cada vez menos grosor co incremento da pendente a un tempo que os seus perfís están menos evolucionados, dando paso progresivamente a umbrisois dístricos, regosois e na parte alta da cunca leptosois líticos sobre todo nos montes Seoane, San Xoán, Alto do Garibio e de Sembra.


AS AUGAS

Esta unidade está conformada por unha rede hidrográfica dominada polo arroio do Medio ou Sardieiro, que recolle a auga de escorrentía dos relevos circundantes e a verte ás Augas Costeiras de Corcubión (20142) na praia do Sardieiro.

O PATRIMONIO NATURAL

É unha unidade preferentemente de tipo sedimentario, aínda que posúe algúns sectores laterais con cantís baixos, que suman os hábitats 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na praia de Sardieiro, de maneira moi degradada, preséntanse áreas de dunas que deberían reproducir o grupo de hábitats 21, dunas marítimas das costas atlánticas. No interior da unidade aparecen tamén áreas interesantes a pesar da intensa transformación humana do medio. Para empezar, existen masas de frondosas ripícolas no Río de Sardieiro e o afluente das Bouzas, seguindo os dous cursos polo fondo do val. Tamén aparecen algunhas pequenas formacións de frondosas de recolonización, tamén no fondo do val. En moitas zonas do mesmo é posible observar áreas de hidromorfía, formándose prados húmidos, potencialmente dos Hábitats de Interese Comunitario 6420 e 6430.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

MORFOLOXÍA

Os principais asentamentos desta unidade son Sardieiro de Baixo, situado na zona costeira e Sardieiro de Riba, localizado na parte alta do val, sendo ambos de carácter tradicional. O de maior entidade é Sardieiro de Baixo (considerado núcleo de identidade do litoral), situado no litoral e presentando unha distribución lineal condicionada pola presenza da AC-445. A tipoloxía predominante é a vivenda unifamiliar con construcións secundarias (hórreos), vinculadas con parcelas de cultivo adxacentes, mentres que as novas edificacións posúen unha tipoloxía disonante co modelo preexistente. A aparición de asentamentos no resto do ámbito prodúcese ao longo das ramificacións da viaria AC-445, cunha tipoloxía típica do rural galego asociadas ao ámbito agroforestal.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade está atravesada de oeste a leste pola vía primaria AC-445 que discorre paralela ao litoral, atravesando o núcleo poboacional de Sardieiro de Baixo. Esta estrada presenta unha bifurcación principal, sendo esta, unha vía secundaria tradicional que percorre lonxitudinalmente o val e comunica os dous asentamentos principais. A AC-445 tamén presenta outras ramificacións que dan servizo aos asentamentos de menor entidade. O resto do ámbito, estrutúrase mediante unha rede de camiños rurais tradicionais e pistas forestais que permiten o acceso tanto ás zonas de cultivo, como ás partes repoboadas das vertentes.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Presenta unha gran riqueza patrimonial, destacando como patrimonio arquitectónico: o conxunto de hórreos xunto á Praia do Sardieiro e os de Sardieiro de Riba, a Igrexa parroquial e a Casa Reitoral de Sardieiro, situadas a medio camiño dos núcleos de poboación principais e un Lavader situado en Sardieiro de Riba vinculado ao curso fluvial do Río Sardieiro que discorre polo val desembocando na praia homónima. O único patrimonio arqueolóxico co que consta a unidade é a Mámoa A Mama situada no sueste da unidade enfrontada coa Punta da Arnela.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade atópase antropizada moderadamente, conservando bos niveis de naturalidade, cun parcelario agrícola tradicional existente sobre todo, ao longo da zona central da unidade coincidindo co val fluvial. Aínda así o seu carácter mariñeiro é o trazo definitorio do ámbito outorgado pola enseada e cantís situados na parte meridional. O sistema de asentamentos orixinal atópase conectado polas vías secundarias orixinais arredor das que se produciron pequenos crecementos asociados normalmente aos preexistentes, salvo contadas excepcións.

DINÁMICA DA PAISAXE

Obsérvase que se produciu o aumento da superficie de arborado nos sectores de máis difícil acceso, onde se produciu o abandono da actividade agraria pola forestal, sendo máis patente na vertente do Monte Sardiñeiro incluída no ámbito. Prodúcese tamén un crecemento do núcleo Sardiñeiro de Baixo, paralelamente ao eixo da AC-445 con orientación suroeste-sueste, mediante edificacións situadas próximas á liña de costa, apoiadas polo viario primario e atraídas pola presenza da Praia do Sardiñeiro e da Praia de Restrelo.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade está dotada dunha gran diversidade de hábitats sendo os de maior interese: os bosques de ribeira, habitando ao longo dos cursos fluviais do Río Sardiñeiro e do afluente das Bouzas, os prados húmidos situados en moitas zonas do val e o ambiente marítimo, con praias e dunas, outórganlle un gran valor natural. A riqueza patrimonial e a súa matriz biofísica, unida á praia e a súa configuración semicircular confírelle unha gran riqueza cromática e de texturas. Todo isto convérteo nun grande atractivo turístico. Calquera dos relevos que enmarcan a unidade, son perfectos para obter unha panorámica do seu conxunto.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



